

MEDIDAS QUE INCORPORA O REAL DECRETO-LEI 28/2018, DE 28 DE DECEMBRO, PARA A REVALORIZACIÓN DAS PENSIÓNS PÚBLICAS E OUTRAS MEDIDAS URXENTES EN MATERIA SOCIAL, LABORAL E DE EMPREGO

I. MODIFICACIÓNS NA TARIFA PLANA PARA ALTAS NO RETA

1. No caso de que optar por cotizar pola base mínima que corresponda, poderán beneficiarse dunha redución na cotización por contingencias comúns durante os doce primeiros meses inmediatamente seguintes á data de efectos da alta, que consistirá nunha cota única mensual de 60 euros, que comprenderá tanto as contingencias comúns (a estas corresponden 51,50 euros) como as contingencias profesionais (a estas corresponden 8,50 euros), quedando estes traballadores exceptuados de cotizar por cesamento de actividade e por formación profesional.

2. Alternativamente, aqueles traballadores por conta propia ou autónomos que, cumprindo os requisitos previstos no apartado anterior, optaren por unha base de cotización superior á mínima que corresponda, poderán aplicarse durante os doce primeiros meses inmediatamente seguintes á data de efectos da alta, unha redución do 80 % sobre a cotización por contingencias comúns, sendo a cota que se reduza a resultante de aplicar á base mínima de cotización que corresponda o tipo mínimo de cotización vixente por contingencias comúns.

II. ACTUALIZACIÓN DAS BASES MÍNIMAS E OUTROS LÍMITES DE COTIZACIÓN DOS TRABALLADORES POR CONTA PROPIA NO SISTEMA SEGURIDADE SOCIAL

Base mínima euros/mes	944,40 euros mensuais
Base máxima euros/mes	4070,10 euros mensuais
Base de cotización menores de 47 anos ou con 47 anos	<p>A elixida por estes, dentro dos límites que representan as bases mínima e máxima.</p> <p>Igual elección poderán efectuar cando nesa data teñan unha idade de 47 anos e a súa base de cotización no mes de decembro de 2018 fose igual ou superior a 2052,00 euros mensuais, ou que causen alta neste réxime especial con posterioridade á citada data.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Noutro caso, a súa base máxima de cotización será de 2077,80 euros mensuais. • Os traballadores autónomos que, o 1 de xaneiro de 2019, teñan 47 anos de idade, se a súa base de cotización fose inferior a 2052,00 euros mensuais, non poderán elixir unha base de cotización superior a 2077,80 euros mensuais, salvo que exerciten a súa opción en tal sentido antes do 30 de xuño de 2019, o que producirá efectos a partir do 1 de xullo do mesmo ano; ou que se trate do cónxuxe supérstite do titular do negocio que, como consecuencia do falecemento deste, se tivera que poñer á súa fronte e darse de alta neste réxime especial con 47 anos de idade, nese caso non existirá a dita limitación.

Base de cotización 48 ou máis anos de idade	<p>Estará comprendida entre as contías de 1018,50 e 2077,80 euros mensuais, salvo que se trate do cónxuxe supérstite do titular do negocio que, como consecuencia do falecemento deste, tivese que se poñer á súa fronte e darse de alta neste réxime especial con 45 ou máis anos de idade; nese caso, a elección de bases estará comprendida entre as contías de 944,40 e 2077,80 euros mensuais.</p> <p>No obstante, a base de cotización dos traballadores autónomos que con anterioridade aos 50 anos cotizasen en calquera dos réximes do sistema da seguridade social cinco ou máis anos, terán as seguintes contías:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Se a última base de cotización acreditada fose igual ou inferior a 2052,00 euros mensuais, deberá cotizar por unha base comprendida entre 944,40 euros mensuais e 2077,80 euros mensuais. • Se a última base de cotización acreditada fose superior a 2052,00 euros mensuais, deberá cotizar por unha base comprendida entre 944,40 euros mensuais e o importe daquela incrementado nun 7 co tope da base máxima de cotización (será tamén de aplicación para os traballadores autónomos que con 48 ou 49 anos de idade exercitasen a opción prevista no artigo 132, apartado 4.2, parágrafo segundo, da Lei 39/2010, de 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011).
--	---

III. TIPOS DE COTIZACIÓN

O tipo de cotización para 2019 incrementábase ao 30 %, pasando progresivamente ao 30,3 % en 2020, 30,6 % en 2021 e 31 % en 2022.

No réxime especial da seguridade social dos traballadores por conta propia ou autónomos, os tipos de cotización serán, a partir do 1 de xaneiro de 2019, os seguintes:

Continxencias comúns	28,30 %
Continxencias profesionais	0,9 % (0,46 % incapacidade temporal e 0,44% á incapacidade permanente, morte e supervivencia)
Cesamento de actividade	0,7 %
Formación profesional	0,1 %

IV. COTIZACIÓN OBRIGATORIA POR CONTINXENCIAS PROFESIONAIS

A partir do 1 de xaneiro de 2019 establécese a obrigatoriedade da cobertura de todas as continxencias comúns (enfermidade común e accidente non laboral) e profesionais (accidente de traballo e enfermidade profesional) e cesamento de actividade.

Os traballadores por conta propia que o 31 de decembro de 2018 aplicasen bonificacións e reducións de cotas previstas no Estatuto do traballo autónomo, deberán cotizar obrigatoria-

mente a partir desa data por continxencias profesionais; non así por cesamento de actividade nin por formación profesional. No caso de que se optase pola base mínima de cotización que corresponda, a cotización durante os doce primeiros meses inmediatamente seguintes á data de efectos da alta consistirá, a partir do 1 de xaneiro de 2019, nunha cota única mensual de 60 euros, que comprenderá tanto as continxencias comúns como as continxencias profesionais. Desta cota, 51,50 euros corresponden a continxencias comúns e 8,50 euros a continxencias profesionais. Non obstante, se no 31 de decembro de 2018 tivesen a cobertura da protección por cesamento de actividade, continuarán con ela e neste caso deberá cotizarse obrigatoriamente tamén por formación profesional; para tales efectos, as cotas que se han ingresar por estas dúas continxencias determinaranse aplicando ás bases de cotización elixidas polos interesados, ou as que correspondan con carácter obrigatorio, os tipos de cotización previstos no artigo 7 do Real decreto lei 28/2018, de 28 de decembro.

Os traballadores incluídos neste réxime especial quedarán exentos de cotizar á Seguridade Social, salvo, se for o caso, por incapacidade temporal e por continxencias profesionais, sempre que se atopen nalgún dos supostos fixados (exoneración de cotas á Seguridade Social para maiores de 65 anos).

V. OBRIGATORIEDADE DE CUBRIR AS PRESTACIÓNS CUNHA MUTUA

Desde o 1 de xaneiro, os autónomos que cobren as súas prestacións co Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS), teñen a obriga de facelo cunha mutua de accidentes de traballo. Dispoñen dun prazo de tres meses (ata o 30 de marzo de 2019) para tramitalo, e producirá efectos o 1 de xuño. Tamén se amplía a obrigatoriedade de cobertura á continxencia profesional e ao cesamento de actividade, ademais da cobertura de incapacidade temporal por continxencia común, obrigatoria ata a data.

VI. MELLORAS NA INCAPACIDADE TEMPORAL E NA PRESTACIÓN POR CESE DE ACTIVIDADE

- Na situación de incapacidade temporal con dereito a prestación económica, transcorridos 60 días (segundo mes de baixa), os autónomos están exentos de pagar a cota de seguridade social.
- Cobrarase a prestación por accidente de traballo ou enfermidade profesional desde o primeiro día en que curse baixa.
- Duplícase o período da prestación por cesamento de actividade respecto do previsto ata o momento.

Meses cotizados	2019	2018	
		ata 60 anos	máis de 60 anos
de 12 a 17 meses	4	2	2
de 18 a 23 meses	6	3	4
de 24 a 29 meses	8	4	6
de 30 a 35 meses	10	5	8
de 36 a 42 meses	12	6	10
de 43 a 47 meses	16	8	12
con 48 meses	24	12	12

FACENDA E IMPOSTOS

I. REQUISITOS PARA ESTAR EN MÓDULOS

En 2019 permanece o límite de 250 000 euros por volume de ingresos e 125 000 euros por facturación a empresas e profesionais.

II. NOVAS DEDUCIÓNS PARA AUTÓNOMOS NO IRPF DE 2018

A pesar de que son deducións aprobadas na última lei de autónomos, o certo é que na pasada campaña da renda, os traballadores por conta propia non puideron deducir as axudas de custos derivadas e as subministracións ata un 30 % do total da superficie afecta á actividade e declarada no modelo 036 de Facenda.

No caso de axudas de custos, a contía diaria por comer fóra será de 26,67 euros ou 48,08 se é en territorio estranxeiro. En caso de pasar a noite, as contías alcanzan os 53,34 euros e os 91,35 euros respectivamente. Esta dedución está suxeita a unha serie de condicións, como que se realice fóra do municipio ao que corresponda o domicilio do negocio, que se realice o pagamento telemático e que se conserve o comprobante.

III. EXENCIÓN NO IRPF DAS PRESTACIÓNS POR MATERNIDADE

As prestacións por maternidade están exentas no IRPF segundo determinou Facenda hai un mes, tras o fallo do Supremo. Polo tanto, as nais ou os pais que se beneficiaron desta prestación non terán que declaralas como rendas e a Seguridade Social non poderá aplicar retención ningunha.

Ademais, durante os primeiros meses de 2019, Facenda efectuará as pertinentes devolucións con carácter retroactivo que se realizaron durante decembro de 2018, polas prestacións recibidas dos nacementos de 2014 e 2015, e xaneiro para os de fillos nados en 2016 e 2017.

IV. PRESENTACIÓN DO MODELO 347

A declaración informativa de operacións con terceiros realizadas durante o exercicio de 2018 continuarase presentando en febreiro deste ano, segundo o recolle o artigo 2 da Orde HAC/1148/2018.

Santiago de Compostela, xaneiro de 2018

*secretaría de emprego e previsión social
comisión executiva nacional
sindicato nacional de comisións obreiras de galicia*